

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE OROSO PARA APOIO AS FESTAS TRADICIONAIS E O SECTOR MUSICAL E ORQUETRAS DA NOSA COMUNIDADE

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Oroso, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha forte tradición popular vinculada ás festas populares que cada ano se celebran vinculadas ás parroquias. Non obstante cabe destacar que a pesar de haber en Galicia 314 concellos, estes divídense á súa vez en 3.792 sedes eclesiásticas que conforman as denominadas parroquias.

Tan arraigada está a tradición da "festa galega" que en case todas estas parroquias, polo menos unha vez o ano, se celebra unha festividade anual que contén sempre unha actuación musical en directo. É por isto que o número de verbenas en Galicia é superior a 3.000 por ano acadando a cifra de 12.000 actuacións musicais vinculadas a estas celebracións, o que deu lugar a unha industria musical propia e enmarcada dentro deste conglomerado lúdico, festivo e singular que "move máis recursos e xera máis emprego que todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia".

O xeito de organizar e sufragar estas festas responde, en máis do 90 % dos casos, á promoción, xestión e financiamento por parte dos veciños das respectivas parroquias, que se organizan en comisións de festas, asociacións de veciños, etc. Este é un factor diferencial de organización das festas en Galicia con respecto ao resto de España, xa que fóra da nosa comunidade as festas son organizadas por organismos públicos e non directamente polos veciños.

É por isto que estamos asistindo a unha mobilización masiva do sector que manifesta unha fonda preocupación pola pervivencia desta actividade económica: dende as propias orquestras, os músicos e os promotores, que piden que se leve a cabo unha regulación do dito sector por parte da


Administración, que teña en conta as especificidades de Galicia e que non poña en perigo un sector que factura uns 60 millóns de euros e emprega a máis de 7.000 persoas relacionadas co sector do espectáculo. Ademais do impacto que estas celebracións teñen a nivel social e tamén noutros sectores como son o turismo e a hostalería.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Oroso, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Oroso, insta ó Goberno galego para que se dirixa ó Goberno de España, previo diálogo co sector citado, en demanda dunha regulación fiscal que atenda as súas peculiaridades e dunha revisión da lexislación de espectáculos e das licenzas de actividades correspondentes, hoxe fortemente restritivas da actividade das orquestras e das festas populares.

29 de xullo de 2015



Asdo.: Antonio Leira Piñeiro

Voceiro/Portavoz do Grupo Municipal Socialista

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE OROSO